



ANUNCIO

ASUNTO: COBERTURA DE BAIXA A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO DE CONSERXE, MEDIANTE CONCURSO OPOSCIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000002

EXPTE. TEDEC RELACIONADO: 2023/E001/000006

O Concello de Vimianzo ten na súa RPT o posto de conserxe do castelo, e prevese a baixa por enfermidade da persoa que ocupa esa praza.

O Concello de Vimianzo debe facer fronte durante todo o ano ao servizo de conserxería do Castelo e actividades complementarias na Casa da Cultura.

O artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece no punto 1 que o contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora, que é o caso.

A Alcaldía con data 24-04-2023, ditou a Resolución 573/2023 pola que se aproba a seguinte bolsa de traballo de conserxe:

	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL
1	2023/E002/000052	M. CRISTINA	PEREIRA INSUA		80,98
2	2023/E002/000043	SANDRA	ADELANTADO DOMINGUEZ		76,00
3	2023/E002/000047	ANTONIO	AGEITOS ANTELO		63,00
4	2023/E002/000048	PATRICIA	CARBALLO PEQUEÑO		48,00
5	2023/E002/000049	AZZEDINE	SAADI TAMINE		46,00
6	2023/E002/000046	JUAN RAMON	CASTRO TRILLO		42,00
7	2023/E002/000050	DAVID	REY FIGUEIRA		42,00

A base novena, das que regulan o proceso selectivo, recolle o procedemento a seguir para o chamamento e a contratación. Indica que "Se a persoa requirida non presenta a documentación no prazo de cinco días desde a publicación do chamamento no

Taboleiro de Anuncios da Sede do Concello de Vimianzo esta pasará ao último lugar da lista e chamarase á seguinte. O mesmo sucederá se a persoa renuncia ao posto unha vez que foi nomeada ou empezou a traballar". Nos chamamentos realizados ata o momento rexistráronse os rexeitamentos das tres primeiras persoas da lista, polo que procede o chamamento da persoa que está no cuarto lugar.

A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regula o persoal laboral nos artigos 26 e ss.

Tendo en conta o exposto, é preciso facer un novo contrato de substitución de persoa traballadora polo tempo que dure a baixa do traballador que ocupa o posto.

Polo tanto, ábrese o período de chamamento e convócase a Patricia Carballo Pequeño para ocupar o posto durante o período de baixa, xunto con vacacións e permisos consecutivos, de ser o caso.

Vimianzo, 17 de febreiro de 2025

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez